



Decembro 2003

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Adro

O modelo agrario do SLG na axenda dos ministros europeos

O presidente do Consello de ministros de agricultura da Unión Europea, Giovanni Alemanno, presentou aos seus colegas dos Quince o modelo de política agraria da CPE, na que está integrado o SLG. Por primeira vez, os ministros de agricultura tratarán unha proposta alternativa á actual Política Agraria Común. **Páx. 10**

■ Galiza

Impostos desmesurados para os ceses anticipados

A Consellería de Política Agroalimentaria decidira dar a posibilidade de que as persoas acollidas ao cese anticipado cobrasen nun só pago o 40% da indemnización. Agora, esta xente enfrontase a pagos do IRPF de ata 4.000 euros. **Páx. 5**

■ Agroecoloxía

Denuncian as irregularidades do Craega ante o Valedor do Pobo

A vocal elixida polo SLG para formar parte do pleno do Craega presentou un escrito de denuncia nas oficinas do Valedor do Pobo no que se reflectían prácticas irregulares no seo deste organismo como o ocultamento de información ou trabas no acceso a diversa documentación. **páx. 13**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

O SLG logra que se amplie o prazo para regularizar as cortes ata o 30 de abril

■ O Sindicato Labrego Galego conseguiu a ampliación do prazo gracias á súa participación no proceso de negociacións levado a cabo coa Consellería de Política Territorial.

■ O único punto negro no proceso foi a actitude irresponsábel da organización Unións Agrarias, que dende o principio tentou rebentar as negociacións coa súa ausencia. **Páx. 7**



Centos de persoas celebran en A Estrada o logro do SLG na regularización das cortes

Trescentos afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego das comarcas de Tabeirós e Terra de Montes, en Pontevedra, congregáronse no recinto feiral de A Estrada para celebrar a segunda Festa pola Legalización das Cortes, que nesta ocasión estaba en hora boa tras acadarse que a Xunta abre

o actual proceso de regularización das instalacións agrarias galegas. De aí o slogan central do evento: "Entre todos e todas conseguímolos". Agora, o reto que se marca en solitario o SLG para que as explotacións acaden a normalidade será reivindicar a licenza de actividade. **Páxs. 8 e 9**

O SLG defendeu outra PAC no Foro Social Europeo e en Zaragoza

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Lidia Senra, e o responsable de relacións internacionais da mesma organización e membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE), Xosé Ramón Cendán, viaxaron o mes

pasado a París para participar como conferenciantes no Foro Social Europeo 2003, que se celebrou na capital francesa entre o 12 e o 15 de novembro. Ademais, Cendán tamén falou da política agraria defendida pola

CPE
nunhas xornadas celebradas en Zaragoza. **Páx. 11**



A Lei do Viño da Xunta non soluciona os problemas do sector na Galiza

O Sindicato Labrego Galego vén reivindicando dende vello unha Lei Galega do Viño que regule o sector no país atendendo á súa idiosincrasia e características propias. Cando a Consellería de Política Agroalimentaria anunciou esa lei, a xente máis optimista pensou que serían abordados os

problemas do sector na Galiza. Equivocáronse. A proposta oficial non reconece ningunha das particularidades propias do sector vitivinícola galego, esquecéndose dos consellos reguladores, das zonas produtoras que está fóra deles, ou de variedades de uva autóctonas non recoñecidas. **Páx. 5**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Lidia Senra,
Xan Pouliquen, Xosé Manuel
González Vilas, Mariano Lema,
e Isabel Vilalba.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Parque Municipal nº 32, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Local AISS
Tel. 988 321511 / Fax: 988326823
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN
Local da Cámara Agraria, 1º
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA
Cidade de Viveiro nº1 ent. A.
Tlf. 982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA
Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Bar González
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
Rúa Dario Bugallal nº15, 1º
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edif. Rosales.
Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 699 924 630

O goberno colombiano prepara un espolio total das terras labregas

Unha lei permitirá arrebatarse as propiedades agrarias das familias que fuxiron da violencia e das fumigacións

O goberno de Uribe está a dar os pasos definitivos para roubarlle a terra en Colombia aos seus lexítimos posuidores: os labregos e labregas do país. Primeiro botáronos co terror dos grupos paramilitares e as fumigacións masivas

que arrasaron os cultivos dos que vivían. Agora, o poder político está a cociñar unha serie de leis que subvencionarán aos terratenentes, indultarán aos asasinados, e arrebatarlle a propiedade da terra ás familias labregas.

No número 212 de Fouce publicábase unha reportaxe sobre as fumigacións masivas con glifosfato que estaban a sufrir as comunidades labregas de Colombia, que coa escusa da loita contra o narcotráfico vían arrasadas as súas leiras e envelenado o seu entorno. Así, coa súa economía destruída, e coa sombra do terror sementado polas masacres perpetradas por grupos paramilitares, familias enteiras víronse na obriga de abandonar as súas terras para tentar salvar a vida e subsistir.

A Convergencia labrega, negra e indíxena de Colombia (CNI) -un movemento que agrupa a algunha das principais forzas sociais e sindicais do país- cualifica a situación de "verdadeira cacería en contra do movemento agrario colombiano e das organizacións que resistiron ás políticas neoliberais que se conxugan co Plan Colombia, o ALCA, as alianzas estratéxicas e a reconcentración da grande propiedade da terra, repetíndose a vella táctica terratenente de empregar a violencia e a guerra para expropiar e despojar ás comunidades rurais das súas propiedades e dereitos fundamentais".

Agora, o goberno de Álvaro Uribe pretende aprobar unha serie de leis que suporían o espolio definitivo dos labregos e labregas colombianos. Coa Lei do Plan de Desenvolvemento só se concederán axudas agrícolas a "proxectos productivos en sistemas de produción de carácter empresarial (...) que garantan a súa competitividade". Ademais, as terras abandonadas polos labregos e labregas poderán ser entregadas a calquera "productor".

Detrás desta suposta reforma agraria está o Banco Mundial, que aprobou o 22 de xaneiro de 2002 un crédito de 32 millóns de dólares para o proxecto "Aso-



As dúas caras da traxedia do agro colombiano: Forzas paramilitares, arriba; e un labrego coas leiras destruídas, abaixo.

ciacións Productivas", co cal as familias labregas quedarán subordinadas mediante contratos con grandes propietarios e empresarios. Deste xeito, o Banco Mundial subsidia o mercado de terras colombiano, evitando a reforma agraria, que suporía a redistribución de 47 millóns de hectáreas aptas para a agricultura que os latifundios desperdician.

Unha auténtica contrarreforma agraria

En vista destes feitos, resulta evidente que o Plan Colombia agacha unha contrarreforma agraria que pretende deixar definitivamente toda a terra en mans dos máis ricos e poderosos do país, amais de situar á economía baixo a tutela dos Estados Unidos.

Paralelamente a isto, o go-

verno colombiano está ultimando a firma dun acordo bilateral de libre comercio cos Estados Unidos que precedería ao Acordo de Libre Comercio das Américas (ALCA), co que o xigante ianqui pretende eliminar as fronteiras comerciais e dominar os mercados de todo o continente americano.

As principais organizacións agrarias e sociais do país, como Fensuagro, teñen denunciado que a principal raíz do problema da violencia en Colombia é un problema agrario "que o goberno non só se nega a afrontar, senón que agrava coa contrarreforma agraria, os privilexios aos grandes propietarios e transnacionais, e a destrución da produción agropecuaria e a soberanía alimentaria do país mediante os acordos de libre comercio".

Dende a CNI estase a facer un chamamento ás comunidades nacional e internacional, e ás organizacións sociais, sindicais e populares "a pronunciarse ante o baño de sangue e a cruzada criminal contra o movemento agrario colombiano, á vez que esixe do goberno deter a súa política guerreira e de exclusión que está a levar ao agro e ás súas comunidades á miseria e á desaparición".

Medre do latifundio e do narcotráfico e masacres indiscriminadas

■ Dende que comezou o Plan Colombia contra o narcotráfico o número de hectáreas de cultivos considerados ilegais triplicouse.

■ O terror e a crueldade da violencia exercida en Colombia contra comunidades labregas ou indíxenas non ten límites. Na masacre de Beyotes, en Arauca, abríronlle o ventre a unha moza embarazada para esnaquizar ao seu bebé.

■ Os dirixentes sociais e sindicais son asasinados e, posteriormente, os seus corpos esnaquizados. Cada ano matan a unha media de cen, e as detencións de activistas agrarios practícanse de xeito masivo.

■ Toda esta violencia obriga a fuxir a comu-

nidades labregas enteiras para salvar a vida. Os datos oficiais xa falan de tres millóns de persoas desprazadas. As súas terras serán consideradas como abandonadas polo goberno, que coas novas leis poderá cederllas a outros propietarios.

■ Os latifundistas pasaron de ser posuidores da terceira parte da terra no país hai dúas décadas, a ser propietarios da metade hoxe en día.

■ As reformas constitucionais reducen o número de congresistas, imposibilitan a existencia de grupos alternativos, e permiten asaltos a casas e detencións sen obter unha orde xudicial previa.

Alirio García, Secretario de Asuntos Internacionales de Fensuagro

“Os datos oficiais xa recoñecen tres millóns de labregos e labregas desprazadas”

Alirio García é Secretario de Asuntos Internacionales de Fensuagro, unha organización agraria de Colombia que, do mesmo xeito que o Sindicato Labrego Galego, pertence á Vía Campesina. Alirio estivo en novembro de visita por Europa, ocasión que aproveitou para estreitar as relacións co SLG e achegarnos as problemáticas que viven no seu país. Con máis de 200.000 afiliados, Fensuagro enfróntase a drásticos problemas como a violencia sen paliativos exercida contra as comunidades labregas para expoliarlles a terra.

■ **¿Podería sintetizar cales son os principais problemas do agro colombiano?**

A situación crítica que vivimos na actualidade comezou co rompemento dos acordos de paz entre o goberno de Pastrana e as forzas insurxentes. Os acordos racharon por culpa da intromisión da Embaixada dos Estados Unidos e do Pentagono na nosa política interior co famoso Plan Colombia.

Ese plan fixo que se practicasen aínda con máis violencia a desaparición, asasinato e ametrallamento das poboacións labregas, obrigando a desprazamentos moito máis grandes.

Nestes intres, os datos oficiais recoñecen a existencia de tres millóns de persoas desprazadas, cifra que queda curta, xa que moitos desprazados non informan da súa situación por medo de sufrir novas persecucións, e outros refúxianse en casas de familiares en outros municipios e departamentos.

■ **E ese problema fundamental de violencia leva outros canda si...**

Si. Por exemplo, nós eramos un país autosuficiente na produción alimentaria, e agora, con este éxodo da poboación rural, somos importadores de alimentos en grandes cantidades.

Outro problema engadido ao da alimentación e desprazamento forzoso de labregos e labregas, é a fumigación masiva contra cultivos de uso ilícito -coca, papoula ou marihuana- que é de onde a economía labrega obtén os seus principais recursos.

■ **¿Realmente realízanse as fumigacións contra o narcotráfico?**

Non, pois as grandes



Alirio García, de Fensuagro, realizou unha visita a Europa durante o pasado mes de novembro

parcelas de cultivos de uso ilícito que son propiedade dos narcotraficantes e dos capos da mafia non son fumigadas.

Só fumigan as propiedades

das pequenas e as medianas explotacións labregas coa intención de obrigar aos seus donos a desprazarse da rexión para poder apoderarse das súas terras.

■ **¿E poden apoderarse delas así, sen máis?**

Non de xeito inmediato, pero o actual goberno está a crear as bases para facelo co desenvolvemento dunha lei

que legalizará o despoxo das terras labregas. Esta lei consistiría en facer que a quen sexa posuidor da terra neste intre, a quen a estea disfrutando, vánselle legalizar os títulos.

Deste xeito, vaise perpetrar un dobre crime, xa que por unha banda obrigan ás familias labregas a desprazarse e, despois, despoñan as súas propiedades.

■ **¿E quen está detrás deste espolio tan ben organizado?**

Sabemos que moitos dos desprazamentos, das fumigacións e da presenza dos grupos de terror están dirixidos polo Estado e localizados en áreas onde se pretenden desenvolver grandes proxectos como a construción de canles de navegación, o control do petróleo e da biodiversidade, ou a exportación fóra de Colombia da enerxía que producen as hidroeléctricas.

“Aquí, alomenos, non fan desaparecer, nin esnaquizan e torturan aos labregos”

■ **Outra das ameazas do agro colombiano é o Acordo de Libre Comercio das Américas (ALCA) que pretenden impor os Estados Unidos**

O preocupante deste asunto é que os industriais, grandes comerciantes e terratenentes de Colombia aínda non viron os perigos que encerra o ALCA para América Latina.

O ALCA suporá poñer a competir a nosa economía contra a economía de Estados Unidos, e iso é algo imposíbel, é como poñer a competir un carro cun fórmula 1. Co ALCA, Estados Unidos pretende realizar unha nova recolonización de América Latina, e esa agresividade coa que se van presentar os instrumentos do ALCA, onde Estados Unidos segue protexendo a súa produción agrícola subsidiándoa, e esixíndolle aos outros países que non

teñan subsidios e que non protexan a súa agricultura. Ademais de impoñernos a súa agricultura, tamén pretenden impoñernos os seus produtos transxénicos, que é o que fundamentalmente están buscando.

■ **¿Dende cando manteñen relacións coas organizacións agrarias de Europa e co Sindicato Labrego?**

Dende hai un par de anos comezamos a facer unha política moito máis activa coas organizacións sociais e non gobernamentais europeas que contribúen cos nosos proxectos en Colombia. En canto ao Sindicato Labrego Galego, xa o visitaron compañeiros nosos.

Nestes intres, aspiramos a que as relacións que se teñan coas organizacións populares europeas non sexan a curto prazo e só mediáticas. Nós con-

sideramos que a loita contra o capital vai ser moi dura, e que afecta tamén as organizacións europeas, tanto aos obreiros como aos labregos.

■ **Supoño que a realidade de aquí é moi distinta que a do seu país.**

Atopei sorpresas enormes nos países que visitei, pois en Europa os labregos tamén van cara á extinción, como está a acontecer en Colombia. Aquí, polo menos, non os torturan, fan desaparecer, ou os esnaquizan como sucede na miña patria.

A loita contra o capital que é agresivo obriga a que haxa unidade, e a unidade require constancia duradeira. Agardo que a miña presenza contribúa a que saquemos adiante un grande proxecto e que as relacións co capital cambien profundamente en beneficio dos pobos do mundo.

editorial

Este novembro foi un mes gris e chuvioso, como lle corresponde. Rúas molladas, a terra dando os últimos froitos tralo vizoso verán, os porcos apurando os seus días antes do San Martiño, e o forno asando as últimas castañas diante da chegada do inverno.

Unha estampa que estaría tinxida de normalidade se non tivéssemos memoria. Pero si que a temos. E como persoas dotadas de memoria, neste mes de novembro tan normal, vemos como asaltan o recordo palabras como Prestige ou vacas tolas. Tres palabras que nos lembran a nefasta incompetencia dos nosos gobernantes, por mar e por terra; unha incompetencia que ao final sempre padeceron as persoas honradas que viven do seu traballo diario, sacando da auga salgada ou do terrón un salario de suor e madrugadas.

Pero ademais de memoria, tamén somos persoas dotadas de conciencia crítica. E con esa conciencia analizamos a realidade e comprobamos que os gobernantes seguen teimando, túzalos eles, en xogar co noso futuro coa inocencia dun neno; o se cadra con algo que sería peor: coa malicia interesada de quen ten intereses que non coinciden cos do pobo que lles outorgou o poder.

Así, a día de hoxe, Galiza segue igual que hai un ano, sen remolcadores axeitados, sen portos de acollida para barcos que transportan mercadorías perigosas, sen

Por un novembro gris e chuvioso

buques especializados nin infraestruturas para facer fronte a outra marea negra. Ata seguimos tendo os mesmos políticos. Daquela, se hoxe volve se naufragar outro Prestige atoparíamos de novo a algún iluminado que o mandaría afastarse, e volveríamos a asistir, apampados, a esa vaga inmensa de chapapote achegándose paseniño a unhas costas trementes de impotencia.

Co da seguridade alimentaria

sucede outro tanto. Aínda que xa pasaron tres anos dende o estoupido da crise das vacas tolas, da que aínda estamos a padecer as consecuencias -COAG fala de que as perdas a día de hoxe por mor da caída da renda nas explotacións gandeiras ascenden a 470 millóns de euros-, os políticos do Partido Popular seguen facendo do Estado un campo experimental, ocupando no podio da Unión Europea un triste primeiro posto no cultivo de

transxénicos e, sobre todo, en morfarse da lei e da moratoria de precaución que manteñen os Quince diante dos organismos manipulados xeneticamente.

Diante deste panorama, o Sindicato Labrego Galego segue dando a batalla. Fixémolo o 16 de novembro, unindo o noso esforzo ao das 150.000 persoas que asolagaron a compostelá Praza do Obradoiro para berrar, outra vez, ¡Nunca máis!. E seguímolo facendo como sindicato agrario: informando, denunciando, traballando a reo para que na Galiza non volva ocorrer outra catástrofe como a das vacas tolas, outra marea negra sobre os alimentos que levamos á boca provocada pola temeridade duns políticos que lexislan coma monicreques ao mandado dos grandes poderes económicos e das multinacionais.

A mediados dos anos noventa xa advertiamos do perigo real de que a encefalopatía esponxiforme bovina puidese afectar a Galiza. Tamén levamos varios anos erguendo a voz de alarma sobre as nefastas consecuencias que podería traer a introducción xeneralizada dos transxénicos na agricultura. Oxalá que os políticos do Partido Popular sanden desa xordeira crónica que lles afecta dende que temos memoria. Polo que respecta ao Sindicato Labrego Galego, seguiremos traballando a reo coa esperanza de que novembro siga sendo, para sempre, un simple mes gris e chuvioso.



Recientemente tivemos a oportunidade de participar, no marco do Foro Social Europeo de París, nun taller sobre os impactos das novas tecnoloxías na alimentación. Varios expertos introduciron a cuestión da manipulación xenética, xa coñecida e tratada amplamente no Sindicato Labrego Galego; a irradiación, da que falaremos en outro número do Fouce; e tamén os pesticidas, que imos abordar neste artigo.

Neste foro presentáronse varios datos que, ao noso xeito de ver, son dabondo expresivos sobre a gravidade da situación. A saber:

- No 75% da superficie agraria útil aparecen residuos de pesticidas a un metro de profundidade. Isto significa que en 75 de cada cen hectáreas dedicadas a cultivos agrícolas existe contaminación.

- Está aparecendo glifosfato-principio activo do herbici-

¿Canto nos están a custar os pesticidas en saúde e vidas humanas?

por Lidia Senra

da Roundup- nas augas.

- A continuación dos alimentos por residuos de pesticidas acada xa o 50% das verduras e froitas. No 8% destes produtos, a presenza de residuos de pesticidas supera xa os límites legais.

- Tamén soubemos que en Francia xa se pasaron os límites legais e que o 90% dos ríos galos teñen residuos de pesticidas.

Noutra orde de cousas, neste taller sobre os impactos das novas tecnoloxías na alimentación tamén se presentaron algúns dos problemas de saúde ligados ao uso de pesticidas.

Destacouse neste foro que as primeiras vítimas dos pesticidas son os labregos e labregas. As principais enfermidades ligadas á toxicidade destes produtos son os cancros de riles e cerebro. Destacouse que os nenos e nenas están sendo tamén vítimas de cancro de cerebro como consecuencia da acción dos pesticidas.

Outro efecto xa demostrado en estudos feitos en Francia e América do Sur son os problemas de reprodución a causa da perda de calidade do esperma, amais de diversas doenzas neurolóxicas e de aprendizaxe que padecen

nenos e nenas nas escolas.

Se nós, cidadás e cidadáns de a pé, sabemos todo isto, é evidente que os poderes públicos saben moito máis. Por iso nos preguntamos qué ten que pasar para que actúen e atallen esta traxedia. ¿Haberá que agardar a que a opinión pública se poña en pe de guerra para que os nosos gobernantes cuestionen seriamente a seguridade alimentaria?

O certo é que cos pesticidas e outras novas tecnoloxías, que os gobernos pretenden consentir que se introduzan na alimentación, estanse vulnerando os dereitos das per-

soas que son fundamentais como o dereito á saúde e ao medio ambiente. Pero o que aínda é mais grave é que estamos hipotecando o futuro e benestar dos homes e mulleres de mañá, negándolles unha alimentación que lles permita medrar sans.

e en Francia xa existe unha asociación que se chama "Movemento polos Dereitos e o Respeto das Xeracións Futuras", que pretende sensibilizar á opinión pública e facer presión diante dos gobernos para salvagardar os dereitos que hoxe se lles está a negar aos homes e mulleres de mañá.

A Lei do Viño da Xunta omite temas fundamentais para Galiza

O SLG seguirá reivindicando unha lexislación vitivinícola galega diante do baleiro da proposta oficial

O Sindicato Labrego Galego vén reivindicando dende vello unha Lei Galega do Viño que regule o sector no país atendendo á súa idiosincrasia e características propias. Cando a Consellería de Política Agroalimentaria

anunciou esa lei, a xente máis optimista pensou que serían abordados os problemas do sector na Galiza. Equivocáronse. A proposta oficial non reconece ningunha das particularidades propias do sector vitivinícola galego.

Ata o de agora, a actividade vitivinícola estaba regulada en todo o Estado polo Estatuto do viño, viña e alcohois, que data da ditadura franquista. Este regulamento consolidou a *matutería* e a rapina. Despois, tras un tempo de vixencia da política vitivinícola europea, chegou "tarde, mal e arrastro" a lei estatal, que se esqueceu das peculiaridades de Galiza e provocou certo rebumbio institucional ao quitarlle importancia ás denominacións de orixe. Despois, todos calaron.

Pola súa banda, o Sindicato Labrego mantivo sempre a demanda dunha Lei Galega do Viño que reflectise ás peculiaridades e necesidades do sector no noso país. Nembargantes, a lei que vén de presentar agora a Consellería de Política Agroalimentaria diante desta reivindicación do SLG para debater e aprobar no Parlamento de Galiza non aporta nada novo.

Así as cousas, a Xunta presenta un proxecto de lei



A lei da Xunta non menciona moitas variedades de uva autóctona que non están recoñecidas

que se esquece de temas fundamentais como a reelaboración dun Rexistro Vitícola e a recuperación dos dereitos de produción históricos, a reforma da estrutura da propiedade, a definición do diálogo interprofesional, a promoción e asistencia á comercialización, ou a elaboración dun código de boas prácticas enolóxicas.

Segundo o responsábel da

acción sindical agrícola do SLG, e responsábel do sindicato na comarca do Ribeiro, Xosé Manuel Vilas, esta proposta de lei "é unha auténtica fraude de procedemento". Vilas engade que "pariron un código penal en miniatura do que hai que facer na viña e, despois, todo amén á lei do Estado."

Respecto ás carencias devanditas da lei galega pro-

posta, Vilas engade que "non aborda nada sobre o viño, non aborda nada sobre o papel dos consellos reguladores ou as zonas que están fóra das denominacións de orixe, non aborda nada sobre os colleiteiros e colleiteiras, non aborda nada sobre os sindicatos agrícolas. Mesmo o texto deixa no aire o futuro de variedades autóctonas non recoñecidas".

"Un texto parido por verdadeiros europapanatas na súa parte sancionadora"

Outro dos puntos da análise crítica de Xosé Manuel González Vilas incide en que "tamén atopamos in suficiencias no que respecta á definición de reserva galega de dereitos de produción, e non se fala da incorporación de mozos e mozas". Vilas tamén que afirma que "en pleno século XXI, os colleiteiros e cooperativas non temos ningunha asistencia en promoción e comercialización, algo que se leva facendo dende hai décadas noutras zonas do Estado".

O responsábel comarcal do Sindicato Labrego no Ribeiro conclúe dicindo que "este texto foi parido por verdadeiros *europapanatas* no que respecta a reforzar o papel sancionador da Consellería no que respecta a infraccións na viña, e deixa o tema da consideración alimentaria do viño para a futura Lei de Calidade Agroalimentaria de Galiza, que suporá elaborar un refrito onde non saberemos se o viño é caseiro, da montaña, da casa, tradicional, etcétera".

Dende o Sindicato Labrego Galego tense intención de reivindicar de novo unha Lei do Viño Galega no vindeiro congreso sectorial "que encamiñe esta travesía difícil de crise e cambios".

Un erro da Xunta fai que aos beneficiados polo cese anticipado Facenda lles quite ata 4.000 euros

Esther López e Alberte Veiga, do Sindicato Labrego Galego, mantiveron, o pasado 11 de novembro, unha reunión no Ministerio de Economía xunto a compañeiros da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) e representantes da Dirección Xeral de Tributos.

Un dos temas que se abordaron no encontro foi a busca de solucións aos desmesurados impostos que se lles están a aplicar a aqueles labregos e labregas que están a cobrar o cese anticipado cun adianto do 40% da canti-

dade a percibir.

Este tipo de modalidade de cobro do cese anticipado, á que se pode optar en troques da convencional fraccionada por meses, foi ideado pola Consellería de Política Agroalimentaria, e consiste en adiantar o 40% da cantidade que se vai a cobrar ata o momento da xubilación.

No seu momento, o SLG puxo reparos a esta modalidade de cobro, pois podía repercutir negativamente á hora de pagar o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), xa que sería necesario declarar nun só ano ese

40% en troques de imputalo proporcionalmente cada ano ata a xubilación.

O SLG tentou buscar fórmulas para que iso non sucedese, e mantivo encontros cos responsábeis da delegación territorial de Facenda para deseñar métodos máis proporcionais no pago do IRPF. Dito método foi atopado, e na delegación territorial de Facenda comprometéronse a aplicalo ata fins de ano, previa autorización de Madrid, algo que non se produciu.

A Consellería tamén se comprometera a resolver es-

ta cuestión. Nembargantes, agora que xa se tramitaron as declaracións da renda, o problema está sen resolver e hai labregos que se atopan con que teñen que pagar sumas de 3.000 e 4.000 euros, dependendo da cantidade que cobraron polo cese.

Dada a inoperancia e incompetencia de Política Agroalimentaria, os representantes do Sindicato Labrego reclamaron da Dirección Xeral de Tributos unha solución. Nembargantes, os responsábeis deste órgano ministerial non quixeron chegar a ningún

acordo e só se comprometeron a estudar o tema.

Trátase dunha situación moi preocupante, pois agora que as declaracións da renda xa están feitas pode ser, en caso de non pórse en práctica unha solución, que os labregos e labregas afectados teñan que pagar, por riba, intereses de demora e sancións por atrasarse no pago.

O SLG está estudando a posibilidade de iniciar mobilizacións en caso de que esta situación non se solucione, e responsabiliza da mesma á Consellería e ao seu titular, Juan Miguel Diz Guedes.

A pasividade agrava a violencia de xénero no medio rural

O SLG denunciou a falta de recursos e información para erradicar os malos tratos que sofren as labregas

O pasado 25 de novembro celebrouse o Día Internacional da Non Violencia contra as Mulleres. Nesta xornada de denuncia, a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego, dirixida por Isabel Vilalba Seivane,

fixo público un posicionamento no que se revelaba que cando a violencia a padecen as mulleres labregas, esta vén agravada por uns condicionantes para os que a Administración foi incapaz de atopar solucións.

Diante da celebración do 25 de novembro, Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego quere denunciar a insuficiencia e ineficacia dos programas oficiais de loita contra este tipo de eiva social.

Segundo datos da Asociación Clara Campoamor, Galiza ocupa neste momento o terceiro lugar entre as comunidades do Estado Español en número de mulleres asasinadas no ano 2003, con seis vítimas, e só superada por Madrid e Cataluña, que teñen moita máis poboación.



O SLG ten organizado numerosas actividades para denunciar a discriminación das labregas

As dificultades engadidas do entorno social e a desigualdade económica

Amáis desta cruel expresión da violencia á que tristemente estamos a asistir de xeito cotián, existen outras formas menos visíbeis que lle están a facer a vida moi difícil a moitas mulleres en xeral, e en particular a moitas mulleres do medio rural.

En primeiro lugar, os medios de apoio para as mulleres do rural que viven estas difíciles situacións son realmente escasos, e os poucos que hai son practicamente descoñecidos para a maioría da cidadanía.

Por outra banda, é mesmo frecuente que os facultativos e facultativas de medicina descoñezan os protocolos de actuación ante este tipo de casos, co que moitas veces as mulleres agredidas ven indefensos os seus intereses por mor de expedientes mal realizados. O mesmo acontece coas forzas de seguridade e cos servizos de apoio en xeral, que en ocasións non dispoñen da preparación suficiente para atender situacións desta complexidade.

Cando a vítima vive no medio rural existe, por riba, unha serie de agravantes: o coñecemento da situación por parte de toda a veciñanza, a falta de recursos, a opinión dos demais, a falta de oportunidades laborais para as mulleres, o peso da tradición, etcétera; todas estas circunstancias fan que as mulleres do rural o teñan aínda máis difícil.

Discriminación nos dereitos económicos

No caso das mulleres labregas, cando traballan nunha explotación agraria da que é titular o cónxuxe, non hai un recoñecemento claro por parte da Administración da súa participación paritaria nos bens da explotación ou en pertenzas básicas coma os dereitos de nutrices ou de cotas lácteas. Así a situación, sen unha saída económica clara para elas e para os seus fillos e fillas, hai moitas mulleres que están a soportar condicións realmente penosas.



Isabel Vilalba dirixe a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego

As vías que achega a Administración non se adecúan as necesidades actuais. Por exemplo, ás mulleres que deciden saír das súas casas ofrécenlles un fogar por unha estadía temporal de seis meses ou outros períodos realmente mínimos, as casas de acollida son insuficientes, e hai unha gran desidia na súa xestión que, mesmo nalgúns casos se lle chegan a adxudicar a empresas de limpeza, como aconteceu en Santiago de Compostela.

As axudas económicas das que se está a falar na actualidade, 300 euros durante un período de dez meses, non son garante ningún para que unha muller soa ou con cargas familiares inicie un proxecto novo de vida. Calquera outra contía que non chegue, cando menos, ao soldo mínimo interprofesional, non deixa de constituir un modo de desentenderse dos problemas das mulleres e formular políticas ineficaces que só funcionan sobre o papel.

Para o Sindicato Labrego Galego cómpre establecer na sociedade un sistema de valores baseado na igualdade, e este sistema de valores debe comezar xa no sector educativo, estar presente nos medios de comunicación, en tódalas actuacións da Administración e dos cidadáns e cidadás.

O Concello de Val do Dubra dificulta a regularización das cortes

Dentro do caos no que se está a desenvolver o proceso de regularización das construcións agrarias en Galiza, motivado pola diversidade de normas e requisitos burocráticos impostos segundo a administración municipal de que se trate, o Concello de Val do Dubra, na comarca de Compostela, ocupa unha posición especial.

En efecto, este Concello é un dos que está a poñer máis trabas e impedimentos, amais de crear confusión, para que labregos e labregas podan regularizar as súas instalacións directamente e a través da administración municipal. Ademais, está a desenvolver unha campaña para disuadir ás persoas afectadas de que realicen os trámites a través dos servizos técnicos que o SLG ten nesta comarca.

Así, en Val do Dubra hai trabas para acadar datos como as referencias catastrais ou os planos de situación do inmovble a regularizar, documentación que despois chegaron a proporcionarlle aos interesados negocios privados.

Así as cousas, moitos labregos e labregas estanse vendo na obriga de ter que recorrer a estas empresas particulares para poder regularizar a situación urbanística dos seus inmoables agrarios.

Un proceso cheo de contrastes

Sen sairmos da área de Compostela, podemos comprobar a disparidade de trato que existe duns concellos a outros. Por exemplo, moi lonxe da maneira de facer as cousas en Val do Dubra están concellos como o de Arzúa ou Boimorto, onde se contratou a unha empresa para que realice todo o traballo, reducindo ao máximo os custes e facilitando o proceso ás persoas interesadas. Moi preto, Melide é un municipio onde a posición do Concello foi a dun total *laissez faire*, e en onde moitos dos afectados seguen, a día de hoxe, sen saber que teñen un prazo para regularizar as súas explotacións e sen coñecer as consecuencias que lles traerá o non facelo.

O SLG consegue que se amplie o prazo para regularizar cortes

O Conselleiro da COPTOPV prorrogará o proceso ata o 30 de abril de 2004

O prazo para regularizar as cortes vaise ampliar ata o 30 de abril, grazas a unhas negociacións levadas a cabo coa Consellería de Política Territorial nas participou o Sindicato Labrego Galego. Un éxito do SLG que beneficiará a boa parte das explotacións agrarias de Galiza e que contrasta coa actitude irresponsábel de Unións Agrarias.

O SLG conseguiu, tras unha rolda de negociacións coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (COPTOPV), que se ampliase o prazo para regularizar as cortes e demais instalacións agrarias ata o 30 de abril de 2004.

O SLG pediu esta prórroga de catro meses ao Conselleiro da COPTOPV, Alberte Núñez Feijoo, por considerar demasiado curto o prazo concedido inicialmente, que remataba o 31 de decembro.

De feito, o 1 de decembro de 2003, cando a penas quedaba un mes para que rematase dito prazo, só cumpriran os trámites de regularización 20.000 das 76.000 explotacións afectadas. Ademais, coa chegada do inverno, con días máis curtos e choivas frecuentes, o proceso de



A Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, xunto a Miramontes, representaron aos labregos de Galiza nas negociacións

realizar medicións e facer fotografías tornouse máis dificultoso.

Neste proceso cómpre criticar a actitude de Unións Agrarias, que dende un principio tentou rebentar as negociacións ao non participar nelas e excluírse.

Afortunadamente, non tódalas organizacións agrarias mantiveron esa actitude e, hoxe, contamos cun prazo máis folgado para poder garantir que tódalas explotacións agrarias de Galiza se vexan beneficiadas neste proceso.

As cámaras agrarias e a Universidade de Compostela analizarán o impacto da PAC


As cámaras agrarias de Pontevedra, Lugo e A Coruña veñen de asinar un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para realizar o estudo "Análise do impacto en Galiza da reforma da Política Agraria Común (PAC) e avaliación das diferentes opcións para a súa aplicación".

O responsable deste traballo de investigación será o director do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galiza (IDEGA), Edelmiro López Iglesias. Entre os temas a tocar pola investigación figurarán a análise da situación de partida do agro galego á hora de percibir as

axudas únicas por explotación en base aos dereitos históricos, o impacto da desvinculación das axudas da produción, ou os efectos da condicionalidade das subvencións.

O informe final aportará tamén un intento de avaliación global no que se estudiará o impacto da reforma no sector agrario galego e os efectos indirectos sobre outras ramas da economía.

No convenio acordouse que as tres cámaras agrarias financiarían o estudo cunha partida de 12.000 euros, aportando cada unha 4.000 euros.



O presidente da Cámara Agraria de Lugo, Xosé Antón Ledo, foi un dos asinantes do convenio coa Universidade de Compostela



Servicios de xestoría para labregos e labregas

Confíe os seus trámites a especialistas en matriculación e transferencias de maquinaria agrícola

Consulte prezos en calquera oficina do Sindicato labrego Galego



¡OFERTA!
¿Quere un seguro máis barato para seu coche?

Tramitamos seguros de automóbiles para os afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego en boas condicións.

Se tes máis de 28 anos, e máis de dous anos de carné de conducir, trae ao local do SLG máis cercano a túa póliza de seguros actual, amais do último recibo de pago, e procuraremos facerche unha mellor oferta.



O Sindicato Labrego retou en A Estrada ás outras organizacións a que pidan tamén a licencia de actividade

A Festa pola legalización das cortes celebrou un grande logro do SLG

Trescentos afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego da comarca Tabairós - Terra de Montes congregáronse no recinto feiral de A Estrada para celebrar a segunda Festa pola

Legalización das Cortes, que nesta ocasión estaba en hora boa tras acadarse que a Xunta abrise o actual proceso de regularización das instalacións agrarias galegas. De aí o slo-

gan central do evento: "Entre todos e todas conseguímolos". Agora, o reto que se marca o SLG para que as explotacións acaden a normalidade será reivindicar a licencia de actividade.



Marcos Louzao foi o mestre de ceremonias da Festa pola legalización das cortes, polo que se encargou de presentar as intervencións de Lidia Senra e Mariano Lema

O miolo dan Festa pola Legalización das Cortes estivo nas intervencións orais do responsábel comarcal do SLG en Tabairós - Terra de Montes, Mariano Lema, e a Secretaria Xeral da organización, Lidia Senra.

A ninguén se lle escapa que se hoxe se puxo en marcha en Galiza un proceso para regularizar as cortes foi polo traballo e presión exercidos polo SLG.

E neste logro tiveron unha grande responsabilidade as afiliadas e afiliados de A Estrada. Así o recoñeceu o propio Mariano Lema na súa intervención inaugural: "E fixémolos gracias a que os afiliados e afiliadas do SLG na comarca, coa vosa constancia e o voso esforzo, fostes capaces de crear un clima propicio a esta reivindicación. Presentamos máis de 1.500 sinaturas pedindo a legalización das cortes, fixémos infindade de reunións e asembleas, mantivemos contactos con tódalas institucións e formulamos centos de alegacións. E esa vaga estendeuse por toda Galiza e rematou en clamor en todo o noso País".

O SLG sigue só para defender os intereses labregos

Daquela, os motivos foron sobrados para repetir a Festa pola Legalización das Cortes en A Estrada. Se hai un ano o evento foi reivindicativo, desta volta, afortunadamente, tamén tivo moito de celebración polos logros acadados.

Aínda así, tanto Mariano Lema como Lidia Senra lembraron que aínda quedan moitos retos polos que traballar. O máis inmediato relacionado coa regularización das explotacións agropecuarias galegas será a reivindicación da licencia de actividade.

De novo, o Sindicato Labrego Galego volve estar só nesta cuestión, pois diante do chamamento público que fixo Mariaon Lema para que os diversos sindicatos agrarios se sumasen á loita, a resposta foi inmediata e clara, e están os xornais galegos como testemuña. Tanto Unións Agrarias como Xóvenes Agricultores consideraron que o tema non ía con eles



Tal e como aconteceu o ano pasado, a festa da Estrada soubo conxugar á perfección as reivindicacións sindicais co lecer e o divertimento propios dunha celebración desta caste. Neste eido, as protagonistas foron as formacións musicais. Por unha banda, As ghaiteiras de Couselo, un grupo de música

tradicional constituído para a ocasión por fillos e fillas de persoas afiliadas ao SLG no concello de Cuntis. Xunto a eles Linho de Cuco, unha agrupación xa habitual nos eventos do Sindicato Labrego que conta con músicos profesionais e que están a piques de gravar o seu primeiro disco.

“A agricultura familiar labrega é a salvagarda da sociedade galega”

Lema congratulouse de ter acadado que a Xunta decidise posibilitar a regularización das cortes, pois a normativa anterior "colocaba na ilegalidade ao 99'99% dos establos de Galiza".

A pesar do optimismo pola reivindicación cumprida, Mariano Lema lembrou que aínda queda un tema moi importante polo que loitar: a licenza de actividade. Lema considerou que "esta é a seguinte batalla que temos que enfrontar na nosa guerra pola legalidade".

Para iso "só son dúas cuestións as que se teñen que resolver: o benestar dos animais e o tratamento de residuos, dúas cousas ben sinxelas que, ademais, cumprimos todos".

Lema aproveitou a ocasión

para criticar a outras organizacións sindicais agrarias que, do mesmo xeito que hai un ano no tema da regularización das cortes "non están polo labor de conseguir a licenza de actividade, pois consideran que non é necesario".

Por iso, Mariano Lema fixo un "chamamento leal" aos sindicatos Xóvenes Agricultores e Unións Agrarias "para pedirllas que reconsideren a súa posición", e apoién este novo proceso reivindicativo.

O responsábel comarcal do SLG rematou a súa intervención facendo unha crítica global ás actuais políticas agrarias, que "dende 1985, coa entrada na Unión Europea, estiveron apostando por un modelo de produc-

ción baseado nos principios da revolución verde: o productivismo a ultranza". Respecto disto, Lema lembrou que en Galicia tiveron que pechar 50.000 explotacións, pasándose de 70.000 a 20.000, e que antes había mellores prezos. Fronte a isto, expresou a aposta sen paliativos do SLG por "unha agricultura familiar, que é o único baluarte que lle queda á sociedade urbana. Se os labregos desaparecen, Galiza amencerá inundada de leite con BST, de carne con hormonas, de tomates transxénicos, de viños chapatalizados, e tamén co rural convertido nun deserto", polo que "a agricultura familiar e labrega é a salvagarda da sociedade civil galega".



Mariano Lema deu un repaso á historia da mobilización social que provocou a demanda da regularización das cortes na Estrada

“A nosa loita é importante, pois contribúe á dos labregos e labregas de todo o mundo”

Foi a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, quen pechou a quenda de intervencións, felicitando á afiliación pola victoria que supuxo para o SLG o proceso de regularización das cortes, pero lembrando que "na situación na que estamos cómpre seguir dando moita guerra para saír adiante".

Seguindo esta liña argumental, Lidia Senra centrou boa parte da súa intervención en criticar a nova reforma da Política Agraria Común (PAC), que é "profundamente negativa" e "que xa fracasou".

Senra lembrou as mobilizacións sociais que se realizaron en contra do cumio da Organización Mundial do Comercio (OMC) en Cancún (a reforma da PAC aprobouse, precisamente, por esixencias da OMC, que pretendía neste cumio impoñer a liberalización dos mercados agrarios internacionais), que propiciaron que fose "a primeira vez que Estados Unidos e a Unión Europea saísen co rabo entre as pernas".

A Secretaria Xeral do SLG asegurou que nestas reivindicacións a nivel global "pode parecer que somos

poucos, pero a nosa loita é moi importante, pois contribuímos á loita de tódolos labregos e labregas do mundo. De feito, pertencemos á organización internacional Vía Campesina, que ten máis de cen millóns de afiliados e conseguiu colocar en primeira plana do debate internacional temas como a alimentación e a PAC, e foi quen fixo fracasar, xunto a outras organizacións sociais, o cumio da OMC".

A agricultura labrega diante do Consello de Ministros da UE

Lidia Senra tamén fixo mención da reunión que vai manter o 17 de novembro a Coordinadora Labrega Europea (CPE) co Consello de Ministros da Unión Europea. Nese encontro haberá representantes do SLG (que tamén está integrado na CPE dende 1986). O evento será da máxima transcendencia, pois "por primeira vez na historia o Consello de Ministros da Unión Europea vaise sentar para debater as nosas propostas para deseñar unha nova PAC". A Secretaria Xeral do SLG engadiu que "se lo-



Lidia Senra pechou o turno de intervencións ofrecendo unha visión global da loita labrega

gramos parar esta reforma agraria e conseguimos que comencen a cambiar as cousas na Unión Europea, posibelmente sexa un paso para poder volver a vivir con dignidade das nosas explotacións e para que no medio rural sigan instalándose mozos e mozas que queiran traballar a terra e vivir da agricultura".

Finalmente, Lidia Senra criticou a intención da Con-

sellería de Política Agroalimentaria de controlar estritamente as cotas lácteas con controis nas explotacións e nas estradas, e animou a plantarlle cara ao conselleiro, Juan Miguel Diz Guedes "como fixemos cos establos".

Neste tema en concreto, Lidia Senra avogou por que na Unión Europea se proceda a unha redistribución dos dereitos a producir, e

que se remate dunha vez por todas cunha política inxusta que criminaliza a labregos e labregas por producir o necesario para poder sobrevivir e permite, ao mesmo tempo, que multinacionais como Benetton posúan a primeira cota láctea de Italia e a terceira europea, cunha explotación de 5.000 vacas en Roma e uns dereitos para cobrar primas multimillonarios.

O modelo agrario do SLG xa está na axenda dos ministros de agricultura

O Presidente do Consello, Giovanni Alemanno, puxo sobre a mesa un documento aportado pola CPE

O 17 de novembro, o presidente do Consello de ministros de agricultura da Unión Europea, Giovanni Alemanno, presentou aos seus colegas dos Quince o modelo de política agraria da Coordinadora Labrega Europea (CPE), organización na que está integrado o SLG. Por primeira vez, os ministros de agricultura europeos aceptaron a introducción na súa axenda de traballo dunha proposta alternativa á actual Política Agraria Común, algo moi importante diante do seguinte cumio da Organización Mundial do Comercio (OMC), para o que xa hai data.

O vindeiro cumio da OMC celebrarase na cidade chinesa de Hong Kong no ano 2005. Para daquela, a Unión Europea debería dar unha viraxe á tendencia dos últimos anos e apostar por un modelo agrario á medida da agricultura labrega. Agardemos que así sexa. Velaí as propostas da CPE por puntos:

Por unha Política Agraria Común lexítima, duradeira e solidaria

Propostas:

1 Manter unha agricultura labrega sen perturbar o mercado internacional: A Unión Europea orienta a súa parte da súa produción agrícola cara á exportación. Para iso, vese obrigada a reducir artificialmente os prezos agrícolas, subvencionándoos, ata acadar o nivel dos prezos agrarios no mercado mundial e caendo moitas veces por baixo dos custos de produción. A Unión Europea debería de deixar de dar prioridade á exportación, e potenciar os mercados internos eliminando todas as axudas á exportación e controlando a oferta no mercado interior. Neste senso, e dado que en Europa é máis caro producir que noutras rexións do mundo, sería lexítimo protexer o mercado das importacións a baixo prezo. Para iso, cómpre que a renda dos labregos e labregas veña dada pola venda dos seus produtos, gracias a un prezo de mercado europeo ligado aos custos de produción, ao que se lle podería engadir un pago directo, variábel segundo as rexións.

2 Unha oferta de produción controlada e xeitos de produción duradeiros: Fronte aos custos inxentes para a sociedade que teñen os modos de produción agrícolas demasiado intensivos, é necesario desintensificar as explotacións agrícolas demasiado intensificadas. Un período de transición e un apoio financeiro ás pequenas e medianas explotacións permitiría a posta en práctica de medidas e instrumentos que posibilitasen isto.

3 Favorecer os mercados rexionais e transformación local dos produtos: O FEOGA e os Fondos Estructurais deberían apoiar os mercados locais e rexionais, a venda directa máis que os produtos de exportación, e as pequenas estruturas de transformación locais en troques de reestructurar os matadoiros e as grandes infraestructuras portuarias ou viarias.

4 Productos de calidade e seguros: Adoptando medidas como prohibir a produción e importación de transxénicos nos procesos de produción agrícola e transformación agroalimentaria; elaborando unha lista de produtos non autorizados nos pensos; facendo un control estrito e prohibindo a presenza de elementos tóxicos nos alimentos (dioxinas, nitrofuranos, metais pesados, antibióticos, etcétera); obrigando ás empresas a ter unha responsabilidade xurídica e financeira con respecto ás consecuencias das súas prácticas industriais sobre a saúde humana e animal; revisando os criterios de calidade a favor dos consumidores e non da grande distribución; e rematando co desvío industrial das denominacións de orixe protexida.

5 Por un mundo rural vivo: A non ser que se adopte unha política voluntaria de instalación de labregos e labregas, o agro vai seguir sendo baleirado de persoas. Cómpre, con urxencia, prohibir totalmente a comercialización dos dereitos de produción, poñerlle fin á obriga de compra de explotacións por cada xeración sucesiva que existe nalgúns países, fixar toques de investimento en troques de superficies económicas mínimas para as axudas á instalación ("Queremos veciños, e non hectáreas". Para limitar a concentración da terra nas mans dunhas poucas explotacións cada vez máis grandes, os estados membros aplicarán medidas que permitan a atribución prioritaria de terras en arrendamento ás pequenas explotacións e ás novas. Para resolver o problema da forte concentración rexional da produción agrícola dos últimos corenta anos é preciso volver a introducir as producións autóctonas nas súas rexións de orixe, en función das súas condicións agroclimáticas e culturais.

6 Un comercio internacional sen dumping: As diferentes rexións do mundo teñen produtos rexionais que intercambiar e o mundo necesita regras equitativas que faciliten eses intercambios. Nembargantes, non pode haber dumping económico -exportación por baixo dos custos de produción- e tampouco dumping social ou medioambiental. É preciso deixar de dar prioridade á exportación de produtos agrícolas básicos a baixo prezo en detrimento da produción alimentaria local e rexional. As negociacións comerciais agrícolas internacionais débense limitar ao comercio e non poden seguir definindo as políticas agrícolas como fan hoxe en día.

Medidas inmediatas:

■ **Un xeito máis xusto de atribución dos pagos directos entre as explotacións.** A base histórica escollida para o establecemento dos pagos directos non é lexítima para os contribuíntes, que seguen financiando a grandes explotacións a grandes empresas gandeiras. É preciso definir novos equilibrios no reparto das axudas públicas

entre as explotacións, os sectores de produción, e os países, favorecendo o apoio ás pequenas e medianas explotacións que garanten un mundo rural vivo. É imprescindible pór tope aos pagos directos por explotación, tendo en conta o número de activos agrarios.

■ **Prohibir que se atribúa un valor comercial aos dereitos de pro-**

ducción e aos dereitos a primas, pois favorece a especulación e dificulta aínda máis a instalación de novos labregos e labregas.

■ **Adoptar a tolerancia cero de contaminación por transxénicos admisíbel nas sementes,** porque se non se fai, a difusión dos organismos xeneticamente manipulados será imparábel.

■ **Manter a moratoria sobre os transxénicos.**

■ **Non aumentar a cota láctea europea,** posto que a Unión Europea xa produce excedentes.

■ **Diante das crises, adoptar prezos mínimos de compra de produtos agrícolas** por parte das industrias agrarias e as grandes distribuidoras.

O Sindicato Labrego defendeu unha PAC alternativa en París e Zaragoza

Lidia Senra tamén participou no Foro Social Europeo defendendo políticas de igualdade para as labregas

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Lidia Senra, e o responsábel de relacións internacionais da mesma organización e membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE), Xosé

Ramón Cendán, viaxaron o mes pasado a París para participar como conferenciantes no Foro Social Europeo 2003, que se celebrou na capital francesa entre o 12 e o 15 de novembro. Velaí as súas aportacións.

A conferencia de Lidia Senra versou sobre as mulleres labregas dende a perspectiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE). A secretaria xeral do SLG fundamentou as reivindicacións para acadar a igualdade de xénero nas actividades agropecuarias en cinco puntos fundamentais:

- O recoñecemento das mulleres que traballan nas explotacións como co titulares en pé de igualdade cos homes;

- A creación de mecanismos que garantan que, cando unha muller ten problemas de parella ou viuvez, se lle garanta terra para continuar a súa actividade;

- Ter o dereito a estar incluída dentro do réxime da Seguridade Social, con independencia do nivel de ingresos ou do tamaño da explotación;

- Rematar coa discriminación que sofren as labregas nas axudas da Política Agraria Común;

- Constitución de servi-



Cendán como membro da executiva da CPE participou no FSE e nas xornadas de Zaragoza

cios públicos de calidade e gratuítos, dotando especialmente as garderías e o apoio ao coidado e atención das persoas maiores.

Pola súa banda, Xosé Ramón Cendán interviu no seminario "Por unha agricultura duradeira e solidaria en Europa, troquemos a Política Agraria Común (PAC)" cunha proposta para outra PAC.

O SLG participou nas xornadas sobre a PAC de Zaragoza

A finais do mes de novembro, Xosé Ramón Cendán e Xoán Monasterio, do SLG, participaron nas Xornadas Estatais sobre a reforma intermedia da PAC que organizou a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) en Zaragoza. O primeiro expuxo o documento "Para unha PAC lexítima, duradeira e solidaria" que lle foi presentado ao Consello de Ministros da Unión Europea pola Coordinadora Labrega Europea (CPE).

Xornada de mobilización social en toda Europa para o 9 de maio

Polo de agora non se publicaron os documentos resultantes do Foro. Aínda así, editouse unha declaración de principios, da que extraemos para Fouce o seu remate: "Para lograr unha Europa baseada no recoñecemento dos dereitos sociais, políticos, económicos, culturais e ecolóxicos, tanto individuais como colectivos, das mulleres e dos homes, comprometémonos a desenvolver todo tipo de iniciativas. Necesitamos construír, paso a paso, un proceso de mobilización que permita a participación de tódolos pobos de Europa. Comprometémonos a ser parte activa de tódalas accións organizadas polos movementos sociais, en particular a por en pé un día de acción común apoiado polos movementos sociais e, en especial, polo movemento sindical europeo. Chamamos a tódolos movementos sociais a que esta dinámica de mobilizacións culmine nunha xornada de acción por outra Europa, a Europa dos dereitos das cidadás e cidadáns e dos pobos, o vindeiro 9 de maio, data prevista para a ratificación da Constitución Europea".

As vacas tolas provocaron perdas de 470 millóns de euros no Estado

Con motivo do terceiro aniversario da aparición do primeiro caso de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB) na Galiza, e no Estado, a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) vén de denunciar que seguen a ser gandeiros e gandeiras quen están a pagar os custes dunha crise que deberían ser asumidos polas administracións correspondentes "por tratarse dunha cuestión de seguridade pública".

Así, os cartos que están a perder as explotacións de vacún de carne veñen por catro bandas. En primeiro termo, polo aumento do pre-

zo dos pensos a causa da prohibición das fariñas cárnicas e do incremento da proteína vexetal; isto supuxo un incremento medio de 0'02 euros de media, "o que supón un incremento no custe do cebo de trinta euros por animal".

Por outra banda, a retirada de materiais específicos de risco custa unha media de 43 euros por animal, cun gasto aproximado no 2002 de 103 millóns de euros; nese mesmo ano, e segundo datos de Agricultura, o custe da retirada dos cadáveres da explotación ascendeu a 185 euros por animal.

A todo isto cumpriría en-

gadir o custe derivado da depreciación das vacas de desvelle. Se antes da crise se cotizaban entre 360 e 420 euros cada animal, agora páganse a prezos que abanean entre os 120 e os 180 euros, o cal nos dá un valor por quilo de canal de 90 céntimos (unhas 150 pesetas).

Dende COAG, e diante destes datos, estiman que as perdas do sector do vacún por mor desta crise foron de 180 millóns de euros no 2001, e de 145 millóns de euros no 2002. As previsións fan temer que no 2003 se repetirán as perdas do ano pasado, polo que a cifra global da caída da renda dos



As consecuencias negativas do desastre das vacas tolas aínda se deixan sentir hoxe nas economías das familias labregas

produtores e produtoras de vacún podería chegar aos 470 millóns de euros.

Segundo o responsábel de seguridade alimentaria de COAG, Andoni García, "todo isto, unido á redución de prezos e rendas que su-

porá a posta en marcha da reforma da Política Agraria Común, será un duro pao para as explotacións familiares e, por conseguinte, para o único modelo de produción que asegura uns alimentos sans e de calidade".

O PP aproba unha Lei de Arrendamentos contraria aos intereses labregos

O Parlamento sacou adiante a proposta só cos votos dos populares e de Coalición Canaria

O pasado 6 de novembro, o Partido Popular daba un paso máis na súa estratexia de deixar o agro en mans dos grandes propietarios e das industrias coa aprobación no Congreso da Lei de Arrendamentos Rústicos, á

que se opuxeron frontalmente o Sindicato Labrego Galego, a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), e todos os grupos políticos da oposición. De nada serviu diante da xordeira interesada do PP.

De novo, o Partido Popular volveu facer uso da súa maioría, co apoio de Coalición Canaria, para impoñer unha lei á que se opón aos intereses da agricultura e da gandería.

Neste caso, o PP volveu negarlle ás organizacións agrarias a posibilidade de participar na redacción e mellora do documento aprobado. Deste xeito o texto aprobado reducirá a duración mínima de arrendamento a tres anos, en troques dos cinco anos agora vixentes; permitirá que sexan arrendatarias persoas que non son profesionais da agricultura; e suprimirá os límites establecidos que impedían arrendar a titulares de explotacións que superasen as 500 hectáreas de sécano ou as 50 de regadío.

Dende COAG cualificouse a nova lei coma



O Ministro de Agricultura está a promover leis que favorecen aos grandes propietarios rurais en detrimento dos labregos

"cambio brutal" con respecto á que existía dende 1995. Para o responsábel de custes da COAG, Andoni García, "o contido da lei oríéntase en beneficio de intereses alleos ao sector e á actividade

agraria, xa que se configura como un instrumento eficaz para a especulación e concentración de terras, ao non defender como único obxectivo a contratación de arrendamentos para o exercicio

da actividade agraria por parte de profesionais".

Efectivamente, esta nova lei elimina a orientación profesional dos arrendamentos; aposta polas grandes explotacións; avoga polas sociedades anónimas en detrimento das explotacións labregas; elimina a preferencia de acceso á propiedade; e, ao reducir a duración do contrato de cinco a tres anos, dificulta a estabilidade e viabilidade das explotacións.

Andoni García salientou diante dos medios de comunicación que "o 27% da superficie agrícola útil do noso territorio está arrendada, polo que precarizar a situación dos arrendamentos ameaza a estabilidade do sector, impide a súa modernización e trunca o relevo xeracional, xa que o 75% da xente nova que se incorpora faíno en réxime de arrendamento".

O SLG seguirá a pedir cambios na lei que favorezan ás familias labregas

O Sindicato Labrego Galego, xunto a COAG, defendeu modificacións nesta lei para orientala a garantir o futuro da actividade agrogandeira das familias labregas.

Así, seguirá reivindicando que se manteña o requisito de que o arrendatario ou arrendataria sexa profesional da agricultura; que non desapareza o límite cuantitativo do arrendamento para evitar a acumulación de terra en mans dun mesmo arrendatario; que se respecte a actual duración temporal dos contratos e as súas prórrogas para poder manter as fincas, conservalas, e realizar os investimentos necesarios garantindo a amortización dos mesmos; e que os dereitos de tanteo, retracto e adquisición preferente non sexan suprimidos.

Diversas zonas de Europa comezan a reclamar estar limpas de transxénicos

Dez rexións da Unión Europea reclamaron o poder de "definir o seu propio territorio ou unha parte do mesmo como zona ou rexión sen organismos xeneticamente manipulados (OXM) sen que estas decisións se consideren unha infracción ao principio de libre circulación de mercadorías".

As rexións europeas promotoras desta iniciativa tiveron unha primeira xuntanza o pasado 4 de novembro, en Bruxelas. Participaron na mesma Aquitania, Limousin, Alta Austria, Salzburgo, Marches, Toscana, Euskadi, País de Gales, Tracia Rodopi e Schleswig Holstein.

Entre os argumentos esgrimidos para xustificar a

súa posición, as dez rexións explicaron que "sería imposible evitar a contaminación cruzada, incompatible coa conservación da agricultura biolóxica e de todas as producións de calidade" e que "habería que protexer contra calquera forma de contaminación os produtos aos que a Comisión concedeu xa unha etiqueta de calidade".

Científicos demostran o impacto negativo dos OXM na natureza

Os temores daquelas persoas, organizacións e institucións que se opoñen aos transxénicos víronse confirmados cos que, ata o de agora, se consideran os experi-

mentos máis importantes realizados no mundo para avaliar o impacto dos cultivos transxénicos no medio ambiente.

Estes experimentos foron iniciados en Gran Bretaña en 1999 a petición do Goberno británico. Con eles conseguiu demostrarse que a remolacha e a colza manipuladas xeneticamente para resistir herbicidas teñen uns efectos nefastos sobre a flora e os insectos.

Os resultados constataron unha perda do 60% de sementes silvestres e unha diminución de bolboretas e moscas nos campos de remolacha transxénica; tamén desapareceron o 80% das sementes salvaxes e hai menos bolboretas nos campos de

colza manipulada.

Por outra banda, o grupo de distribución británico Coop, que tamén é a explotación agraria máis importante de Gran Bretaña, decidiu prohibir os organismos manipulados xeneticamente nos produtos da súa marca e nos seus campos de cultivo, que cobren 42.000 hectáreas.

O triste exemplo de España dentro da Unión Europea

A superficie dedicada a cultivos transxénicos volveu aumentar un 10% en 2002 a nivel mundial, situándose en 58'7 millóns de hectáreas. O podio segue encabezado polos Estados Unidos, que al-

canzou as 39 millóns de hectáreas destes cultivos en 2002, as cales representan o 66% dos cultivos transxénicos no mundo.

Seguen Arxentina, con 13'5 millóns de hectáreas; Canadá, con 3'5 millóns; e China, con 2'1 millóns de hectáreas. Estes catro países cultivan o 99% dos transxénicos que se producen no mundo, o cal demostra o rexeitamento global cara a este tipo de tecnoloxía.

España tamén se atopa entre os 16 maiores produtores, con 20.000 hectáreas de millo transxénico cultivadas no 2002 principalmente no Val do Ebro (Zaragoza, Huesca e Lleida), Extremadura e Castela A Mancha.

Denuncian as irregularidades do Craega ante o Valedor do Pobo

O ocultamento de información e as trabas administrativas entorpecen o labor da vocal do SLG

A vocal do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega) elixida polo Sindicato Labrego Galego, Ágatha Broeskamp, presentou unha queixa diante do Valedor do Pobo polas irregularidades no

funcionamento deste órgano dependente de Política Agroalimentaria. A consellería que dirixe Diz Guedes tamén foi denunciada pola súa pasividade cómplice, xa que non fixo nada a pesares de ser coñecedora da situación.

A denuncia produciuse o 10 de novembro, culminando así un cúmulo de enfrontamentos entre o sindicato e o consello regulador que tiveron como denominador común as arbitrariedades e autoritarismo do presidente do Craega, Gabino Vázquez, no exercicio das súas funcións.

No documento rexistrado nas oficinas do Valedor do Pobo relatábanse polo miúdo as prácticas de acoso e obstrución á labor de Ágatha Broeskamp. Así, á vocal do SLG negáronselle as copias das actas dos plenos, dos orzamentos do ano 2003 e da memoria de actividades do 2002. Broeskamp tamén tivo que aturar que non se lle convocase ás sesións plenarias dentro dos prazos legalmente establecidos, e o silencio diante das súas preguntas no seo do CRAEGA.

Ademais, o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica carece de documentos que regulen o seu



Broeskamp compareceu diante dos medios de comunicación tras rexistrar oficialmente a denuncia

funcionamento, a pesar de que na súa orde constitutiva, datada do mes de maio de 1997, figuraba entre as súas tarefas, textualmente, un "proxecto de regulamento interno da agricultura ecolóxica de Galiza e do

Consello Regulador". Este baleiro legal favoreceu, precisamente, as arbitrariedades de Gabino Vázquez e do seu equipo de goberno, que se permite facer o que se lle antolla.

Ágatha Broeskamp denun-

ciou tamén a complicidade da Consellería de Política Agroalimentaria xa que, hai cinco meses, lle foron notificadas oficialmente todas estas irregularidades e, a día de hoxe, non deu ningunha resposta ao respecto.

Un conflito que esboura nas primeiras eleccións ao Consello

A pesar de existir dende 1997, o CRAEGA non celebrou unhas eleccións para escoller democraticamente aos seus membros ata decembro do ano 2002..

Xa nas eleccións, aínda que se tentou chegar a unha candidatura única de consenso na que tivesen representación as tres organizacións das Cámaras Agrarias -SLG, Xóvenes Agricultores e UU.AA.-, o presidente do CRAEGA, Gabino Vázquez, negouse a aceptar a entrada de Ágatha Broeskamp.

A raíz disto, o SLG decidía presentar unha lista alternativa para optar a catro dos dez vocais: dous en agricultura e dous en gandería. A partir de aí, o presidente do CRAEGA desenvolveu unha campaña electoral fóra de ton, utilizando xenerosamente a mentira e a difamación.

Ao final, o SLG acadaba o 48'18% dos votos en vexetal nun censo concentrado no municipio de Baralla, onde vive Gabino Vázquez. Esa porcentaxe convertía a Broeskamp en vocal do CRAEGA.

Dende aquela, todo foron trabas e impedimentos para ela na súa tentativa de democratizar o funcionamento deste consello.

Labregos e labregas mozos vólcanse nas xornadas de ecolóxico do SLG

As xornadas para a difusión da agricultura ecolóxica que realiza regularmente o Sindicato Labrego Galego proseguiron, os días 12 e 13 de novembro, con senllos encontros ao redor da horta e da gandería.

Unhas corenta persoas visitaron a explotación que rexenta Pilar Vispo en Vila de Cruces (Pontevedra), onde combina as producións de vacún de carne e horta, amais de criar pitas, e coidar viñedos e plantacións de froiteiras; todo un exemplo de diversificación.

Pilar, a maiores de traballar a terra, comercializa os seus produtos en Compostela,

nun posto que ten na praza de abastos. .

Polo serán, unha productora de horta na localidade ourensán de Laza, Charo, impartiu unha clase práctica sobre perfís de solo e recoñecemento da súa capacidade productiva. Ao remate da xornada, os participantes acordaron facer unha próxima visita, no mes de marzo, á explotación de AGRECO, en Sada, para ver os seus xeitos de produción e o posto de venda no que comercializan o seu traballo.

Ao día seguinte, uns quince gandeiros e gandeiras achegáronse ata Montederramo, en Ourense, para ver

as vacas de carne de Elvira Diéguez e de José Blanco. A produción tradicional que xestionaban antes de obter a certificación permitiu que se pasasen á produción ecolóxica cun mínimo de cambios.

Sobre o propio terreo puidéronse ver vacas vianesas, caldelás e rubias, alimentadas a base de herba, silo e seco; sen cereais nin penso. Ambas explotacións están traballando directamente cos consumidores e consumidoras.

Xa nas conversas da tarde, falouse sobre temas como o problema dos plásticos, as formas de facer o silo, o em-



A xornada sectorial realizada en Vila de Cruces foi unha das máis concorridas das celebradas durante o mes de novembro

prego de silo fronte ao de herba seca, as subvencións á produción ecolóxica, e as medidas agroambientais en xeral. Nesta ocasión, tamén se acordou facer a vindeira xornada sectorial no primeiro trimestre do 2004.

Estas dúas xornadas confirmaron que á xente lle son

moi proveitosas estas actividades formativas e intercambios. Tamén se constatou unha notábel asistencia de xente nova, proba de que o Sindicato Labrego Galego está a desenvolver un importante papel na difusión da produción ecolóxica na Galiza.

I Congreso de Producción Ecolóxica

Monforte de Lemos (Lugo), 14 de decembro de 2003

O documento que servirá para o debate no primeiro Congreso de Producción Ecolóxica estivo nos locais do SLG a disposición de afiliados e afiliadas para que puidesen facer as achegas que visen pertinentes ata o 30 de novembro.

A participación da afiliación foi importante. Despois

dela, o seguinte paso xa haberá que dalo no congreso, do que xurdirá unha Dirección Nacional de Producción Ecolóxica que xogará un papel fundamental no desenvolvemento deste sector na Galiza.

O primeiro Congreso de Producción Ecolóxica terá lugar na Aula da Cultura de

Monforte de Lemos (Lugo), o vindeiro 14 de decembro, e comezará ás 10.00 horas. Aínda que o prazo para inscribirse rematou o 1 de decembro, aquelas persoas que estean interesadas en recibir máis información sobre este evento poden chamar ao teléfono 982 231154, preguntando por Xan Pouliquen.

Consiga un seguro máis barato para o seu coche no Sindicato Labrego Galego

Agora pode conseguir un seguro máis barato para o seu coche a través do Sindicato Labrego Galego. Se vostede é afiliado ou afiliada ao SLG, ten máis de 28 anos, e máis de dous anos de antigüidade no carné, non dubide en acudir á súa oficina do SLG coa poliza que teña en vixencia na actualidade; procuraremos facerlle un mellor prezo.

Ademais, o SLG segue ampliando a súa oferta á hora de tramitar seguros agrarios de xeito que, ademais de poder cubrir a retirada dos MER, se poida tamén dar cobertura á aparición de ca-

sos positivos de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), ademais de asegurar ás vacas reproductoras e de recría.

Deste xeito, o SLG esforzouse para acadar as mellores condicións e vantaxes posibles para poder mellorar na prestación dos servizos ofertados aos seus afiliados e afiliadas, en particular; e aos labregos e labregas da Galiza, en xeral.

Así, a partir de xaneiro, todos/as aqueles/as que se queiran beneficiar desta nova oferta, tanto se teñen un seguro subscrito con outras entidades como se é a

primeira vez que o van facer, poden pasar por calquera das oficinas que ten o SLG no país para consultar as condicións e vantaxes de tramitar o seu seguro a través da organización.

Estas vantaxes serán dúbidas, xa que se van beneficiar, por unha banda, as explotacións; e pola outra, o propio sindicato, xa que disporá de máis medios e coñecementos para facer as propostas pertinentes ante os organismos que controlan todos os asuntos relacionados cos seguros agrarios e coas subvencións que estes reciben.

Axudas para o uso racional da enerxía e investimento en enerxías renovábeis

No Diario Oficial de Galicia publicouse o 28 de novembro unha orde pola que se procede á convocatoria para o ano 2004 de axudas encamiñadas ao uso racional da enerxía e ao fenómeno das enerxías renovábeis dirixidas a empresas privadas, asociacións ou agrupacións de empresas sen ánimo de lucro e a persoas físicas, en réxime de concorrencia competitiva.

As contías máximas das axudas para cada tipo de proxecto son as que se reflecten a continuación:

■ Proxectos de uso racional da enerxía: 40% do investimento subvencionábel

■ Fomento de enerxías renovábeis:

a) Solar térmica: ata 240 euros por metro cadrado de superficie de captación. No caso de instalación de colectores de alta tecnoloxía, o límite poderá incrementarse ata os 300 euros por metro de superficie de captación para colectores planos e ata 360 euros por metro de superficie de captación para tubos de baleiro.

b) Solar fotovoltaica: Sistemas illados, 9 euros / Wp; sistemas conectados á rede: 4 euros / Wp

c) Outras enerxías renovábeis: 40% do investimento subvencionábel.

d) Instalacións mixtas: proporcional a cada un dos tipos anteriores.

■ En calquera caso, a contía da subvención non poderá ser superior ao 50% do investimento subvencionábel.

O prazo de presentación das solicitudes será dende o 9 de decembro de 2003 ata o 31 de xaneiro de 2004, ámbolos dous inclusive.

Deberá presentarse o proxecto de execución nun prazo de 40 días hábiles a partir da notificación da axuda, o beneficiario deberá remitir AA delegación provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio unha copia do proxecto de execución, cando este sexa necesario, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente e certificación da iniciación da obra.

Se esta fose realizada por terceiros, a documentación que acredite que a obra foi adxudicada e a acreditación do adxudicatario para realizala.

A data límite par executar as actuacións que fosen obxecto de subvencións e para xustificar o correspondente investimento e pagamento é o 30 de setembro do ano que corresponda.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... **NIF:**

Enderezo:.....

Tlf:..... **Concello:**..... **C.P:**.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... **Conta / Libreta:**.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... **Poboación:**..... **Provincia:**.....

Atentamente (sinatura)

Data

Programa de axudas á gandería para paliar os ataques do lobo


A Consellería de Medio Ambiente estableceu unha liña de axudas para gandeiros e gandeiras que sufriron ataques do lobo. Estas axudas cobren ataques producidos despois do 1 de maio contra gando saneado vacún, ovino e caprino en explotacións semiextensivas de Galiza.

En caso de ser afectado ou afectada, cómpre saber que a consellería establece un prazo de 24 horas para dar aviso dende que se produce o ataque dos lobos. Se non se chama á Consellería de Medio Ambiente antes desas 24 horas, pérdese o

dereito a percibir a axuda.

O teléfono ao que se debe chamar é o 900 186 186; na chamada, pediranse datos sobre o ataque e darase un número clave para reclamar a axuda. Despois da chamada, recibírase a visita dun garda forestal para recoller información; ademais, o gandeiro ou gandeira deberá presentar unha solicitude diante da delegación provincial de Medio Ambiente.

A consellería esixe que non se mova aos animais atacados do sitio e que non se permita a entrada doutros animais no lugar.



Notificación
do ataque

Antes de **24** horas
transcorrer

telefonear ó

900 186 186


Calquera información nas:
Delegacións Provinciais da
Consellería de Medio Ambiente



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE



Programa de
axudas á
gandería
por ataques do
Lobo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Fomento do emprego en empresas de economía social e promoción e divulgación do cooperativismo

Estas axudas están destinadas a cooperativas e sociedades laborais que teñan o seu domicilio ou centros de traballo en Galiza. As subvencións están divididas en cinco apartados: axudas para a adquisición da condición de

socio traballador, axuda pola incorporación de socios traballadores ou de traballo, axudas para a contratación de directores ou xerentes, subvención financeira e axuda excepcional.

O prazo de presentación de solicitudes de axudas para a

adquisición da condición de socio traballador será de dous meses contados dende a data de alta na Seguridade Social do beneficiario ou beneficiaria.

Para máis información, dirixase a calquera oficina do Sindicato Labrego.

Siguen vixentes as primas de vacún e para o sacrificio da presente campaña

A prima especial de vacún poderá solicitarse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro. A prima por sacrificio de vacún debe solicitarse nos catro seguintes

meses ao sacrificio, e poderase solicitar en xuño e setembro, rematando o prazo do 1 de decembro de 2003 ao 15 de xaneiro de 2004.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese

lote de ladrillos cara á vista. Entre 3.000 e 4.000 unidades; a bo prezo.

Preguntar por Xesús no teléfono 988 413 803

Véndese

cuba de poliéster de 28.000 litros. Preguntar por Xesús no Tfno. 981 787 551.

Véndese

tractor de 21 CV LANDER. Tfno. 982 151 639. Chamar pola noite.

Véndese

remolque espaxador de esterco FJ 55. Tara de 7.000 Kgs. Tfno. 988 465 996.

Véndese

o millo dunha parcela de 2'5 hectáreas para ensilar. Preguntar por Loureiro no teléfono 986 586 621

Véndese

autocargador rotativo marca BONINO. Preguntar por David no 669 219 980

Véndese

programa informático para xestión de explotacións leiteiras "A leda vaquiña"; xusto á súa medida. Contactar no Tfno. 626 779 707 ou en alki@nodo50.org

Véndese

vacas de raza Frisona. Tfno. 981 793 506.

Véndese

vacas xovencas. Teléfono 981 195121

Véndese

rotoempacadora KRONE 130 seminova Tfno. 982 508 013, ao mediodía e pola noite

Véndese

desensiladora marca KUHUN. Preguntar por Delfina no teléfono 981 459 198.

Véndese

autocargador marca EUROPA de 22 metros cúbicos. Tanque de 450 litros Bomba de baleiro de cinco puntos ALFA LAVAL Tfno. 646 336 125.

Véndese

tractor LANDER 838 DT de 33 CV con remolque, fresa e arado. Motosegadora BERTOLLINI 124 / BI de 13 CV Preguntar por Francisco ou Felipe nos Tfños. 981 432 034 e 699 953 635.

Mércanse

trabadizas para vacas e xatas e sementadora de millo. Chamar ao tfno. 982 164 045

Véndese

frisonas de alta xenética abocadas a parir. Tanque de leite de 2.000 litros ALFA LAVAL de dous muxidos e lavado automático. Tfno. 629 177 933. Preguntar por Xesús

Véndese

un boi de 24 meses, ou trócase por un becerro de cinco ou seis meses. Teléfonos 981 277 121 ou 655 679 152; preguntar por María.

Véndese

vacas de leite e xuencas. Codesido (Vilalba). Chamar ao 982 158 907

Véndese

viño tinto Mencía do Val de Monterrei (Verín) e uvas para viño. Preguntar por Máximo os tfños. 651 488 915 ou 988 426 217.

Véndese

millo para ensilar, 4'5 hectáreas nunha soa finca situada en Guntín, a 15 Km. de Lugo. Teléfono 636 512 463; preguntar por Marcos.

Véndese

ata 100 vacas nadas na montaña, vinte delas vianesas; a partir de 500 euros. (Ourense) Tfno. 696 297 310

COMPRAS

Mércase

plastificadora de rolos. Preguntar por Xosé María no teléfono 981 854 778

OUTROS

Deixan

50 ferrados para cultivar en Mesía que están a monte. Tfno. 981 198 715

Alúgase

finca de tres hectáreas na parroquia de Vilarente (Abadín). O ano pasado estivo a millo; na actualidade non hai nada plantado. Chamar ao mediodía ou pola noite ao 982 170 854. Preguntar por Domingo.

Precísase

inversor ou inversora que queira explotar unha finca de 20 hectáreas con árbores, pastos e auga. Tfno. 988 491 531; preguntar por Bieito.



Manuel Castro Villar, membro da Comisión Executiva do Sindicato Labrego Galego

Manuel Castro Villar arribou a Vilar de Reconco, na parroquia de Vilacova (Lousame), alá polo 1978, lugar de onde é natural a súa muller. Dende aquela, dedicouse a traballar a terra, e na actualidade ten unha explotación de vacún con medio cento de reses, das cales trinta son para leite. Manuel Castro complementa a actividade leiteira coa forestal, explotando quince hectáreas de monte e participando do mancomún. Crítico coa crise na que está sumido o medio rural e que el está a sentir directamente, dende hai uns meses é un dos novos membros da Executiva do SLG.

“Co que estamos gañando dá para pagar os gastos malamente e comer”

■ **¿Que tal lle están a resultar os primeiros meses de traballo na Executiva do SLG?**

Bastante ben. O que pasa é que entre o traballo que tivemos no verán na explotación e o da Executiva, chegoulle. Polo demais, penso que é bo que se incorpore xente nova, xa que deste xeito se aportan novas ideas e experiencias

■ **Vostede é produtor de leite. Coas crises dos últimos tempos supoño que este sector ocuparía as reunións da Executiva**

O leite é o sector que ten máis representación dentro da Executiva, pero tamén hai outros que están acadando moita relevancia, coma o viño ou a pataca.

Respecto do leite, temos tratado temas como a problemática da baixada de prezos, o novo protocolo de calidade, ou a cota látea.

■ **E fóra da Executiva, de seguro que sufriría estes problemas como produtor no día a día.**

En Vilar de Reconco a crise dos prezos afectounos igual que ao resto de persoas que traballan no sector.

O leite subiu algo na época da crise das vacas tolas, a finais do ano 2000. Dende aquela todo foi baixar, entre



Manuel Villar complementa a produción de leite coa de carne de vacún e o traballo forestal

nove e once pesetas por litro ata hoxe.

Ultimamente houbo un pequeno incremento, pero pouco significativo. Polas noticias que temos, a tendencia do prezo do leite é á baixa.

■ **¿E como se traduce todo isto na economía familiar?**

Pois en que o beneficio que che queda polo teu traballo é cada vez menor. Daquela, se queres facer novos investimentos para mellorar tes

que pensalo moito. Co que estamos gañando agora, dá para pagar os gastos malamente e para comer.

■ **E pensa que as cousas poden mellorar ou ir a peor.**

Conforme están ameazando de ir buscar os produtos onde se saquen máis baratos, e abandonar os nosos, penso que todo pode ir a peor. Temos un bo exemplo na produción de tomate, que os están a pagar a 50 ou 60 céntimos en orixe, e

acadan prezos de mercado de entre tres e catro euros o quilo.

Por riba, diante disto, a tendencia é de traer os tomates de Marrocos porque son máis baratos, o que provocará que aos produtores se lles pague aínda menos por mor desa competencia.

■ **¿E co leite pode pasar algo semellante?**

Neste tema o goberno e as multinacionais poderían amañar calquera cousa.

“A Consellería dedícase a crear normativas para apretarnos aínda máis os parafusos”

■ **¿Que opina da actuación da Consellería de Política Agroalimentaria diante desta situación?**

A Consellería de Política Agroalimentaria só se dedica a aprobar novas normativas para apretarnos aínda máis os parafusos, sen dar ningunha mostra de interese para que o sector lácteo sobreviva.

■ **Vostede tamén é produtor de madeira. ¿Van mellorar as cousas polo monte que polas praderías?**

Co sector da madeira pasa outro tanto. Vendéronnos a moto de que a produción de madeira tiña moito futuro, pero o forestal é outro sector en crise.

O eucalipto xa non ten remedio; non é que estean baixos os prezos aos que se está a cotizar, senón que, ás veces, se cómpre cortalos en lugares traballosos non o queren nin regalado. E o piñeiro cando é puntal tamén o rexeitan.

No que se refire á madeira de trinta ou corenta anos, págase a tonelada entre 50 e 60 euros; a tonelada de eucalipto estase a pagar a uns 18 euros, sempre e cando se poida cortar en sitios accesíbeis ata os que chegue o tractor para cargar, e con distancias cortas ata os camiós que levan a madeira; se cómpre mover a madeira entón xa non veñen por ela.

■ **E no sector da carne non haberá mellores expectativas...**

Na carne, pasa outro tanto. Antes podíanche dar ata 360 euros por unha vaca, e agora ás penas acadas 120 euros pola mesma res. E as que che retiraban antes pagábanas a 120 ou 180 euros, e agora tes sorte se chas levan gratis.

“O peor problema que temos é político”

■ **Supoño que xa coñece a intención de Política Agroalimentaria de aplicar estritamente a política de cotas.**

Con isto a Xunta conseguirá pechar as explotacións. Prezo non hai; e se por riba tes que investir en cota... E aínda que o fagas, ¿de que che sirve acadar máis cota se o prezo segue baixando?

■ **¿Pensa que o reparto de cota está sendo xusto con Galiza?**

De iso nada. En primeiro lugar, ¿que fixeron os nosos políticos cando tiveron que posicionarse no reparto, especialmente no último?. En case todo o Estado xa case estaban conformes co que lles tocaba no reparto pero, como os políticos de Galiza foron tan xenerosos, quixeron repartir o que lles correspondía con todos.

En fin, que foron incapaces de facer presión para que viñese a Galiza a cota

necesaria, e de aí a forte resposta social que provocou este tema, con manifestacións e tractoradas.

■ **Semella que volve a ameaza da supertaxa.**

Si, e afectará, sobre todo, ás explotacións pequenas, que son as máis prexudicadas. A supertaxa aplícase por litro. Unha explotación pequena que se pase 15.000 ou 30.000 litros, cunha cota que non supera os 100.000, verase moito máis afectada pola multa que outra que teña un millón ou dous de cota e que se pasa 100.000 ou 200.000 litros.

Ambas explotacións terán que pagar o mesmo por cada litro que supere de cota pero, evidentemente, a pequena será a que pase máis dificultades, pois a grande ten marxes de beneficio moi superiores.

■ **¿E hai solucións para rematar con toda esta problemática?**

Sería necesaria unha redistribución da cota partindo da base de que cada explotación debería ter dereito a unha cota mínima de referencia. Isto debería ir unido á garantía duns prezos mínimos para o leite. Con esa cota e eses prezos de referencia deberían quedar cubertos os custos de produción e o traballo.

■ **E o Sindicato Labrego, ¿que debería facer diante disto?**

Penso que o SLG está levando o camiño correcto nas súas reivindicacións. O peor problema que temos é de índole política, xa que os nosos gobernantes non apoian as solucións propostas polo sindicato.

■ **Daquela, ¿o problema actual da agricultura galega é político?**

Home, evidentemente.